

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.
Dna. Raquel Caruncho Corral.
Dna. Silvia Fornos Permuy.
Dna. Yolanda Vázquez Busto.
Dna. Marta Pico Machado.
D. Francisco Javier Crespo Romeo.
Dna. María Carmen Piñeiro Varela.
Dna. Ascensión de Vicente Olarte.
D. Andrés Pérez Pérez.
Dna. Ana María Veira García.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e quince minutos do día vinte e dous de febreiro de dous mil dezaoto, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Non asisten, desculpando a súa ausencia:

D. José Simoes Couceiro.
D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Foron asistidos polas Secretaria e a Interventora Municipais.

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventora

D^a. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- SESIÓN ORDINARIA DE 25.01.2018.

- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 09.02.2018.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“ PROPOSTA DE ACORDO

(Expediente 2018/G006/000029)



LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES:

- SESIÓN ORDINARIA DE 25.01.2018.

- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 09.02.2018.

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Ordinaria de 25.01.2018.

- Extraordinaria e Urxente de 09.02.2018.

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***

PRIMEIRO. *Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:*

- Ordinaria de 25.01.2018.

- Extraordinaria e Urxente de 09.02.2018.

SEGUNDO.- *Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.*

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde en funcións (delegación conferida por Decreto nº87 de 15.02) D. José Simoes Couceiro, en Pontedeume, a luns 19 de febreiro de 2017."

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto dos borradores das actas das sesións que se someten a aprobación.

Non habendo intervencións, sométense os borradores das actas a aprobación, por separado, por non teren estado os mesmos membros presentes en cada unha das sesións,

- Ordinaria de 25.01.2018.

Queda **ADOPTADO por 8 votos a favor de** D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Marta Pico Machado, Dña. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez e Dña. Ana María Veira García; e **3 absencións** de Dña. Silvia Fornos Permuy, D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dña. María Carmen Piñeiro Varela, por non teren estado presentes na sesión cuxo borrador de acta se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- Ordinaria de 25.01.2018.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

- Extraordinaria e Urxente de 09.02.2018.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Queda **ADOPTADO por 8 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e **3 absencias** de D. Pedro Amado Sanmartín, D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ana María Veira García, por non teren estado presentes na sesión cuxo borrador de acta se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente s sesión:

Extraordinaria e urxente de 09.02.2018

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA COMPLEMENTARIA PARA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. EXPTE Nº 2016/C003/000001

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 19 DE FEBREIRO DE 2018

EXPTE: 2018/G012/000001

Sesión nº: 22/2015-2019

" FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Dende a Presidencia proponse a **RATIFICACIÓN DA URXENCIA E A INCLUSIÓN** do seguinte asunto na Orde do Día:

- **PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA COMPLEMENTARIA PARA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. EXPTE Nº 2016/C003/000001.**

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta de declaración da urxencia , quedando **RATIFICADA A URXENCIA E A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA** por **UNANIMIDADE** dos membros presentes.

De seguido, a Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE DITAME

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA COMPLEMENTARIA PARA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. EXPTE Nº 2016/C003/000001

(Expediente: 2018/G006/000025)



O Concello de Pontedeume ten adxudicado contrato de "Reforma e ampliación do mercado municipal" á entidade "ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A." por medio de acordo plenario de data 14/11/2016.

No transcurso da execución da antedita obra se procede por parte da Dirección de obra a dictar acta de suspensión temporal parcial de data 03/03/2017 das obras, logo de que se detectaran deficiencias na cuberta do mercado municipal; obra adxudicada á empresa Rumbo SL en data 3/10/2013 para a execución do proxecto de "Rehabilitación da cuberta do Mercado Municipal de Pontedeume".

Consta a tramitación previa e resolución do expediente de responsabilidade de vicios ocultos na obra de "Rehabilitación da cuberta do Mercado Municipal de Pontedeume".

Apróbase o proxecto de Reparación de deficiencias na cuberta do mercado municipal por medio de Decreto da alcaldía nº 754/2017 de data 12/12/2017 e foi cumprida a exposición pública do proxecto sen terse presentado alegacións

Tendo en conta que se da cumprimento de todos e cada un dos requisitos legalmente esixidos para aplicar o réxime xurídico das obras complementarias ao presente expediente, segundo acredítase en sendos informes técnicos emitidos pola Arquitecta e Arquitecto técnico municipais, a súa vez directora de obra e director de execución da obra principal de datas 24 de abril de 2017, 11, 13 e 14 de setembro de 2017, e 31 de xaneiro de 2018. O último deles, con carácter definitivo, referido ao proxecto definitivamente aprobado, logo das rectificacións sobre o proxecto orixinal, derivado dos informes sectoriais obrantes no expediente.

Vista a acta de replanteo asinada polo Arquitecto técnico municipal de data 2/02/2018. Visto o documento contable RC de data 2/02/2018 por importe de 264.457,61 euros.

Visto o informe de Intervención en relación ao importe do 10 % dos recursos ordinarios do orzamento de data 6/02/2018.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria municipal en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir de data 06/02/2018.

Redactado prego de cláusulas administrativas particulares que se incorpora ao expediente.

Visto o informe xurídico en relación cos pregos reguladores da contratación de data 06/02/2018 así como o informe de fiscalización emitido pola Interventora municipal en data 07/02/2018.

Vista a necesidade de executar as obras segundo se deixa acreditado nos informes técnicos obrantes no expediente, así como a falta de medios persoais e materiais para levar a cabo a presente actuación por medios propios o que determina a necesidade de acudir a presente contratación.

Vista a demanda cidadán e as razón de interese público, é preciso iniciar o procedemento de contratación mediante a tramitación urxente, segundo se fundamenta na providencia de incoación do expediente emitida por esta Alcaldía en data 1 de febreiro de 2018, así como por procedemento negociado co contratista adxudicatario da obra principal atendendo ao réxime xurídico aplicable as obras complementarias. Tendo en conta que o orzamento do proxecto aprobado para a execución da obra de "Reparación de deficiencias na cuberta do mercado municipal" ascende á cantidade de 217.195,63 euros e 45.611,08 de IVE, pero que atendendo ao indicado artigo 171 b) do TRLCSP, aos efectos da tramitación do expediente de contratación de obra complementaria segundo informe técnico de data 31.1.2018 o orzamento base de licitación, ao aplicar os "prezos do contrato primitivo" ao proxecto de obra complementario resulta a cantidade definitiva de orzamento base de licitación para este expediente do que se inicia a tramitación de 218.560,01 euros aos que se adicionan 45.897,60 euros de IVE, facendo un total de 264.457,61 euros.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto o acordo do Pleno do Concello do día 9 de febreiro de 2018 polo que se aproba o expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas, entre outros.

Constituída a 1ª Mesa de Contratación en data 15.02.2018, segundo Acta emitida ao efecto que indica:

“Constituída a Mesa, procédese a abrir os sobres que conteñen a “documentación”, **SOBRE A**, da empresa adxudicataria do procedemento de contratación da obra principal “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume”, sendo a seguinte:

1.- ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.

Acreditado, conforme coa cláusula 12.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, que a documentación presentada no “Sobre A” subtítulo “Documentación” que a empresa cumpre co esixido nesta cláusula:

A continuación procédese á apertura e lectura pola secretaria da mesa do sobre que contén a “oferta económica” **SOBRE C**, da empresa admitida, presentando a seguinte oferta:

Acciona Construcción, S.A.	OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	IVE	OFERTA TOTAL (IVE incluído)
	174.017,48 €	36.543,67 €	210.561,15 €

Unha vez finalizada a apertura dos sobres, procédese á aplicación dos criterios de adxudicación fixados no prego de cláusulas administrativas, atendendo ao establecido no artigo 171b) do TRLCSP en canto aos requisitos dos contratos complementarios.

Visto o informe técnico de data 15.02.2018, no que literalmente se indica:

“INFORME TÉCNICO

OBRA:	REHABILITACIÓN DA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME
EXPEDIENTE OBRA	2016/C003/000001
SITUACIÓN	PRAZA DO CONDE
CONCELLO	PONTEDEUME
PROMOTOR	CONCELLO DE PONTEDEUME
CONTRATISTA	ACCIONA CONSTRUCCIÓN S.A.

OBXECTO DO INFORME



Redactase o presente informe en cumprimento do artigo 15.5.1. do prego de cláusulas administrativas que haberán de rexer para a contratación por procedemtno negociado sen publicidade da obra complementaria de reparación de deficiencias na cuberta do mercado municipal; obra complementaria da principal en execución de rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume.

Segundo o prego citado o orzamento base de licitación se corresponde con 218.560,01 euros.

A oferta económica presentada pola empresa ACCIONA CONSTRUCCIÓN S.A. se corresponde con:

A) Precio sin IVA: CIENTO SETENTA Y CUATRO MIL DIECISIETE EUROS CON CUARENTA Y OCHO CÉNTIMOS (174.017,48 €)

B) Impuesto sobre el Valor Añadido (IVA) 21%: Importe: TREINTA Y SEIS MIL QUINIENTOS CUARENTA Y TRES EUROS CON SESENTA Y SIETE CÉNTIMOS (36.543,67 €)

C) TOTAL (A+B): DOSCIENTOS DIEZ MIL QUINIENTOS SESENTA Y UN EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (210.561,15 €)

A oferta implica unha redución do orzamento base de licitación de un 20,38%.

Informe emitido segundo o noso leal saber e entender e salvo consideracións mellor fundadas ás que se someten os técnicos que subscriben, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule no preceptivo informe xurídico ou en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida. Salvo dereito de propiedade e sen perxuízo a terceiros. O órgano competente para a resolución adoptará o acordo que estime máis oportuno.

En Pontedeume, a 15/02/2018,

DIRECCIÓN TÉCNICA DE OBRA	
Arquitecta do Concello	Arquitecto Técnico do Concello
Director de Obra	Director de ejecución de la obra
Marta Gómez Fernández	David Álvarez Ferreiro

Como consecuencia, a Mesa de contratación acorda propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da obra á empresa **Acciona Construcciones, S.A.** e elevar a proposta xunto coa acta ao órgano de contratación para que, previos os trámites legais oportunos, dicte a resolución de adxudicación que considere axustada a dereito."

Considerando a lexislación aplicable:

Os artigos 6, 76, 87.5, 112, 121 e seguintes, 151.3, 169, 170, 171, 178, 229 e Disposición Adicional Segunda seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

O Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio).

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

De conformidade do disposto nos artigos 22.2.b) e 47.2.g) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese a ditame da Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA de ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta de adjudicación da contratación a "**Acciona Construcción, S.A.**" nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, no proxecto e prescrición técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

<u>Acciona Construcción, S.A.</u>	OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	IVE	OFERTA TOTAL (IVE incluído)
	174.017,48 €	36.543,67 €	210.561,15 €

SEGUNDO.- Requerir á **Acciona Construcción, S.A.** segundo o establecido nos artigos 146 e 151.2 do RDL 3/2011 do 14 de novembro, e a cláusula 16ª do Prego de cláusulas administrativas para que no prazo de **5 DÍAS HÁBILES**, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requerimento, tendo en conta a tramitación urxente do expediente, segundo o acordo adoptado ao efecto, presente a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, sobre A, "Documentación", que foron substituídos por declaración responsable do licitador, segundo o establecido nos artigos 146.1 e 146.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, do TRLCSP e a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

- Documentación acreditativa de estar dado de alta no IAE.

- A xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda do Estado, A Comunidade Autónoma e a Local e coa Seguridade Social.

- A xustificativa de dispor dos medios que se comprometeu a adscribir á execución da obra conforme ao artigo 64.2 LCSP, segundo o modelo recollido no ANEXO IV do prego.

- A acreditativa de ter constituída a garantía definitiva (5 % do importe de adjudicación IVE excluído).

De non cumprirse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose polo órgano de contratación a requerir dita documentación ao seguinte candidato por orde de puntuación.



TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados e aos departamentos de Intervención e Urbanismo aos efectos oportunos.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Non habendo intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE en todos os seus termos por 4 votos a favor** dos/as representantes do Grupo Municipal do PSOE: D. José Simoes Couceiro, Dña. Raquel Caruncho Corral, Dña. Silvia Fornos Permuy e Dña. Marta Pico Machado; **e 3 abstencións** do resto das señoras e señores concelleiros, do PP(2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dña. Ascensión María de Vicente Olarte e do BNG-AA(1): Dña. Ana Veira García."

A Presidencia abre a quenda para o debate, dando conta da tramitación realizada dende que se tivera detectado a problemática da cuberta ata o Pleno do día de hoxe, no que se somete a adopción de acordo a proposta de adxudicación da obra á empresa adxudicataria da obra principal. Fai alusión ás negociacións con "Patrimonio" para que finalmente se permitira a instalación da madeira laminada, o que provocou retraso, se ben xustifica a idoneidade deste novo material en canto a facilidades e garantías. Di que logo de dous anos de traballo intenso "vese a luz ao final do túnel" e indica que o Concello asumirá o custo da obra para non demorala e reclamar a cantidade á empresa que realizou a actuación pola vía xudicial. Indica que se está a traballar xa na modificación do proxecto en canto ao que á rúa San Miguel se refire, cunha solución con garantías tanto para a propia rúa como para as vivendas. Informa que a solución técnica á que se chegou afectaría á pilotaxe e que agarda ter o proxecto modificado ao longo das vindeiras semanas. Conclúe a súa intervención dicindo que, se todo vai ben, a obra estaría rematada a finais de ano, por fin.

De seguido toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular. D. Francisco Javier Crespo Romeo inicia a súa intervención co agradecemento ao que considera un enorme traballo da Secretaria, á hora de quitar adiante este contrato tan complexo. Fai alusión á madeira do proxecto inicial (madeira maciza e pintura), material que se esixía dende "Patrimonio" e que así se trasladou aos redactores do proxecto se ben, agora, o mesmo organismo coincide coa solución actual. Anuncia e reafirma o voto favorable do seu grupo á proposta para se se empece a obra canto antes. Considera que van tres anos, non dous, para que se inicie a obra e manifesta o interese do seu grupo na resolución da reclamación en vía xudicial para que se depuren as responsabilidades no asunto, facendo alusión a certificacións existentes ao respecto da madeira. Di que non van plantexar xa culpables nun tema xudicializado. Sobre o resto de modificados que sufriu o proxecto, entrarán no apartado de rogos e preguntas, tendo en conta a existencia de estudos que avalaban aquel e que, a criterio da empresa adxudicataria non cumpría. Conclúe indicando o sentido favorable do seu grupo á proposta que, segundo indica, non pode ser doutra forma, xa que sempre están a favor do mercado porque o pobo necesita o mercado xa.

Intervén a continuación Dña. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA quen fai referencia ao proxecto que xa viña do anterior mandato e que dende o seu grupo son conscientes da problemática xurdida "sen contar". Recorda que dende o seu grupo se apostaba por outro proxecto, menos "faraónico" e que chegada a data de hoxe, se dan conta de que moitas cousas daquel non se poden facer e que hai que facelas doutra maneira, o que considera lle ven dar a razón ao BNG. Di que, se ben non estivo na sesión extraordinaria celebrada e na que se falou sobre o asunto, os cambios do primeiro proxecto implican quitar unha serie de cousas. Pide, logo de ver a intervención do seu compañeiro de grupo no Pleno anterior, no que fixo fincapé no relativo ás concesións dos postos, que se busque a maneira de que os custos das divisións interiores que se quitan do proxecto non afecten economicamente

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

aos praceiros xa que se fai a pregunta de se o mercado vai ser “diáfano”, se non vai haber divisións de postos, unha vez que na modificación do proxecto se eliminan aquelas.

O Sr. Alcalde, D. Bernardo Fernández Piñeiro apunta que, o que se quitan son os peches de madeira, unhas persianas, que xa non gustaban, as divisións seguen como estaban.

Logo desta aclaración da Presidencia, a Sra. Veira García conclúe incide en que, “o que se quita” non repercute nos praceiros e conclúe a súa intervención anunciando o voto a favor do seu grupo xa que considera que esta obra debe estar feita canto antes xa que é unha necesidade para a vila e para os traballadores e traballadoras, sen prexuízo reclamación á empresa.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que, ao respecto do modificado do proxecto e en consecuencia á intervención do portavoz do PP en canto á Rúa San Miguel, se ben dende a empresa concesionaria da obra se traslada que os cálculos non son correctos, dende o Concello contrastouse este feito con especialistas no asunto que derivou na realización de dúas campañas de sondaxes por unha enxeñaría especialista naquelas, que concluíron que os cálculos estaban mal realizados, polo que está comprobado, en base a informes e polos propios técnicos municipais, que se fundamentan naqueles. Conclúe pedindo que quede claro que o que ven de explicar, é o motivo de que se modifique o proxecto ao respecto e non correr riscos para garantir a seguridade dos veciños e da construción do mercado. Sobre a intervención da voceira do BNG, insiste en que non se elimina división algunha entre os postos se non que se elimina un peche de madeira que non se consideraba o máis idóneo, polas características do propio material tendo en conta a actividade que se desenvolve no mercado. Xustifica as opcións polas que se optou (supresión dos de peches de madeira e cambio de chan), que considera van mellorar o proxecto, tendo en conta a necesidade de modificar a actuación relativa á Rúa San Miguel, en que esta modificación do proxecto ten que ser a “custo cero”. No que respecta ás actuacións que se teñan que acometer nos postos, explica que hai dúas opcións, a primeira, que o asuma o Concello, se ben logo, as concesións a licitar, irán valoradas en función do valor do propio posto e que por tanto, o prezo de licitación será maior, aclarando que é así como legalmente se fai, ou que na licitación se determine que sexan as concesionarias as que asuman certas actuacións, polo que nos dous casos, o custo será similar. Conclúe indicando que non está decidida cal será a opción pola que se opte.

Dna. Ana Veira García remítese ao contido do informe ao respecto das medidas correctoras, nas que ten fundamentado a súa intervención.

Pecha o debate o Alcalde facendo referencia ao traballo realizado para con esta actuación dende hai dous anos, xa que con anterioridade, segundo indica, non había nin proxecto, nin convenio.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta de adjudicación da contratación a “**Acciona Construcción, S.A.**” nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, no proxecto e prescripción técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

	OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	IVE	OFERTA TOTAL (IVE incluído)
Acciona Construcción, S.A.			



	174.017,48 €	36.543,67 €	210.561,15 €
--	--------------	-------------	--------------

SEGUNDO.- Requerir á **Acciona Construcción, S.A.** segundo o establecido nos artigos 146 e 151.2 do RDL 3/2011 do 14 de novembro, e a cláusula 16ª do Prego de cláusulas administrativas para que no prazo de **5 DÍAS HÁBILES**, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requerimento, tendo en conta a tramitación urxente do expediente, segundo o acordo adoptado ao efecto, presente a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, sobre A, “ Documentación”, que foron substituídos por declaración responsable do licitador, segundo o establecido nos artigos 146.1 e 146.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, do TRLCSP e a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

- Documentación acreditativa de estar dado de alta no IAE.

- A xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda do Estado, A Comunidade Autónoma e a Local e coa Seguridade Social.

- A xustificativa de dispor dos medios que se comprometeu a adscribir á execución da obra conforme ao artigo 64.2 LCSP, segundo o modelo recollido no ANEXO IV do prego.

- A acreditativa de ter constituída a garantía definitiva (5 % do importe de adjudicación IVE excluído).

De non cumprirse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose polo órgano de contratación a requerir dita documentación ao seguinte candidato por orde de puntuación.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados e aos departamentos de Intervención e Urbanismo aos efectos oportunos.

3.- EXPROPIACIÓN DOS TERREOS PARTICULARES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. PONTEDEUME. CLAVE: OH.315,1047

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 19 DE FEBREIRO DE 2018

EXPDTE: 2018/G012/000001

Sesión nº: 22/2015-2019

" FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Dende a Presidencia propónse a RATIFICACIÓN DA URXENCIA E A INCLUSIÓN do seguinte asunto na Orde do Día:

- **EXPROPIACIÓN DOS TERREOS PARTICULARES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. PONTEDEUME. CLAVE: OH.315,1047**

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta de declaración da urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA E A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA** por **UNANIMIDADE** dos membros presentes.

De seguido, a Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“Expediente núm.: 2018/X999/000003

ocedemento: Expropiación Forzosa Mediante Procedemento de Urxencia

Asunto: Expropiación dos terreos particulares necesarios para a execución do proxecto de Melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. FASE I. Ponte deume. CLAVE: OH.315,1047

Documento asinado por: O Alcalde

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Recíbese por parte do Ente público Augas de Galicia paroxecto de obra de “Melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello Ponte deume (A Coruña)”, obra coa cal preténdese reformar a rede principal de saneamento de Ponte deume, conseguindo con elo evitar as infiltracións de auga mariña na rede principal, eliminar os alivios da rede á ría de Ponte deume, dimensionar os novos colectores adecuándoos as necesidades actuais e regular os caudais enviados á EDAR en tempo de choiva. Con estas actuacións, mellorarase o tratamento e xestión das augas residuais ao municipio e minimizarase os vertidos á ría de Ponte deume. Así, debido a que para a execución das obras indicadas compre ocupar terreos pertencentes a particulares, é necesario iniciar con urxencia o procedemento de expropiación forzosa dos terreos que se atopan afectados pola execución da obra pública proxectada.

Actualmente as redes de Cabañas e Ponte deume son unitarias, anque contan con tramos illados onde son separativas. No caso de Ponte deume existen un colector interceptor de diámetro 400 mm de fibrocemento que recolle as augas procedentes de todo o casco urbano e incluso de gran parte da zona rural, terminando nun bombeo existente no extremo oeste do porto de Ponte deume, dende onde son enviadas as augas residuais á EDAR. Ao longo de este tramo existen múltiples alivios do colector e incluso canalizacións que acaban directamente ao pe do mar. As infiltracións son constantes no colector debido a que practicamente de forma permanente se atopa por debaixo do nivel mareal e non conta co grao de estanqueidade necesario para evitalo. Así, a execución deste proxecto é necesaria debido a que se pretende eliminar os vertidos existentes, incorporar as augas de toda a rede aos novos colectores evitando as infiltracións de auga de mar aos mesmos e regulando, mediante a execución de tanques de retención, os caudais enviados á EDAR, segundo o indicado.

Visto os informes técnicos obrantes no expediente en relación á viabilidade urbanística da obra, así como en relación aos terreos necesarios para a execución dos mesmos emitidos pola Arquitecta municipal de datas: 16/03/2017, 02/02/2017 e 27/12/2017.

Visto o informe xurídico en relación co procedemento da aprobación do proxecto de obra de data 15/02/2018.

Visto que o proxecto foi obxecto de información pública por medio de anuncio no BOP A Coruña nº 82 de 3 de maio de 2017 e no taboleiro de edictos do concello dende o 4 de maio ata o 1 de xuño de 2017, sen que consten alegacións presentadas segundo acredita o certificado de Secretaria expedido ao efecto en data 5 de xullo de 2017



Atendendo ao indicado nos informes técnicos municipais, así como nos restantes datos obrantes no expediente, ademais dos informes sectorais necesarios para a execución da obra dos distintos organismos afectados, e a tramitación das concesións administrativas tanto concesión portuaria como concesión de costas que se atopan en tramitación, é necesario ocupar terreos de particulares, coas seguintes descripcións:

Nº	DATOS CATASTRAIS (POL-PARC)	REF CATASTRAL	PARAXE	TITULAR	DOMICILIO	POBOACIÓN	SUP EXPROPIADA
2	69693 12	6969312NJ6066N	CL MUELLE	ROSADO ESPADA ENRIQUE (HEREDEROS DE)	CL RUA DO PINCHO 1	15600 PONTEDEUME	49 M2
3	69693 13	6969313NJ6066N	CL MUELLE	BOUZA VÁZQUEZ JESÚS (HEREDEROS DE)	LG BAÑOBRE 76	15630 MIÑO	79 M2

Visto o proxecto de expropiación elaborado pola Enxeneira agrónoma Andrea Fernández Martínez en data novembro de 2017, presentado no RE de data 24/11/2017 nº 6501.

Vista as comunicacións remitidas por Augas de Galicia en relación coa utilidade pública a efectos expropiatorios en concreto as recibidas o día 22/12/2017 e a recibida o día 5/02/2018 na que se indica: "...no Programa de medidas do Plan hidrolóxico da Demarcación hidrográfica de Galicia-Costa está recollida a actuación de Mellora dos sistemas de saneamento e depuración na ría de Pontedeume, na que se enmarca o proxecto citado [referido ao proxecto de Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)], que por este motivo ten recoñecida a declaración de utilidade pública en aplicación do disposto no artigo 79,4 da Lei9/2010 do 4 de novembro de augas de Galicia, ..."

Tendo en conta que segundo indican os informes técnicos para a execución do antedito proxecto de utilidade pública é necesaria a ocupación dos bens e dereitos afectados, en concreto no emitido o 16/03/2017, entre outros.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 15 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa a declaración de necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectos corresponde declárala ao concello Pleno, no ámbito da administración local, segundo establece a lexislación aplicable.

Asimesmo, a Lei de Expropiación Forzosa regula, xunto ao procedemento expropiatorio normal, un procedemento de urxencia. Neste caso, a Administración procede a ocupar os bens sen necesidade de abonar a previa indemnización. Para elo será necesario que mediante acordo do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma, declárese a urxente ocupación dos bens afectados pola expropiación. Con este acordo, debidamente motivado, darase por cumprido o trámite de declaración de necesidade da ocupación dos bens que haxan de ser expropiados.

Tendo en conta que a motivación da urxencia da tramitación do procedemento expropiatorio queda suficientemente acreditada segundo o indicado anteriormente, debido a situación actual do saneamento no concello de Pontedeume e do limítrofe Cabanas, e tendo en conta o que melloraría a situación dos sistema de saneamento e depuración municipais en ambos concellos. Queda así suficientemente motivada a necesidade de que as obras comencen canto

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

antes para atallar os graves problemas indicados que se evitarán unha vez se leve a cabo a execución completa das obras.

Téñase en conta igualmente que este concello ten suscrito "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020", que establece as seguintes anualidades que para a súa xustificación implicarán a necesaria execución de obra polos importes correspondentes, e tendo en conta o retraso que leva consigo a iniciación da execución debido á complexa tramitación da aprobación do proxecto de obra, que se preveía comenzar xa no ano 2016 sen poder obter todavía neste momento a total dispoñibilidade dos terreos afectados:

ANO	IMPORTE (EUROS)
2016	0,00
2017	700.000,00
2018	2.000.000,00
2019	1.600.000,00

Visto canto antecede, o procedemento máis conveniente para o interese público municipal é o procedemento de expropiación por urxente ocupación.

Visto o documento de retención de crédito de data 09/02/2018 da Intervención municipal por importe de 4.466,11 euros correspondentes ao coste do xustiprecio segundo consta no proxecto expropiatorio.

Visto o informe xurídico emitido en relación co procedemento expropiatorio de data 16/02/2018.

Tendo en conta canto antecede, **PROPOÑO:**



PRIMEIRO: Aprobar o Proxecto de Obra denominado “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)” Tomo I e II remitido polo organismo Augas de Galicia, con data 21/04/2017, nº RE 2002, o cal ten declarada a utilidade pública a efectos de expropiación en aplicación do disposto no artigo 79.4 da Lei 9/2010 do 4 de novembro de augas de Galicia, segundo indica o escrito remitido ao concello de Pontedeume por Augas de Galicia o día 06/02/2018 (RE nº 543)

SEGUNDO: Iniciar procedemento expropiatorio necesario para a ocupación dos terreos afectados pola execución do Proxecto de Obra denominado “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)” Tomo I e II remitido polo organismo Augas de Galicia, con data 21/04/2017, nº RE 2002, atendendo ao indicado na Lei de 16 de decembro de 1954 de expropiación forzosa e o Regulamento de desenvolvemento, e dando cumprimento ao establecido no Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o concello de Pontedeume para a execución de actuacións de melloras no saneamento de Cabañas e Pontedeume. Fase I Concello de Pontedeume (A Coruña), cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER nun 80 % no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 asinado o 30/08/2016.

TERCEIRO: Aprobar o proxecto de expropiación elaborado pola Enxeneira agrónoma Andrea Fernández Martínez en data novembro de 2017, presentado no RE de data 24/11/2017 nº 6501 no que se formula e polo tanto se aproba a relación concreta, individualizada e valorada dos bens a expropiar para a execución da obra “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)” Tomo I e II, entendendo así implícita a necesidade de ocupación dos terreos afectados polo proxecto de obras ao que se lle da aprobación, segundo o indicado no artigo 17 da Lei de 16 de decembro de 1954; que son:

Nº	DATOS CATASTRAIS (POL-PARC)	REF CATASTRAL	PARAXE	TITULAR	DOMICILIO	POBOACIÓN	SUP EXPROPIADA	VALORACIÓN TOTAL, SEGUNDO CADRO RESUMO DE VALORACIÓNS CONTIDO NO PROXECTO EXPROPIATORIO
2	69693 12	6969312NJ6066N	CL MUELLE	ROSADO ESPADA ENRIQUE (HEREDEROS DE)	CL RUA DO PINCHO 1	15600 PONTEDEUME	49 M2	1.709,68 €
3	69693 13	6969313NJ6066N	CL MUELLE	BOUZA VÁZQUEZ JESÚS (HEREDEROS DE)	LG BAÑOBRE 76	15630 MIÑO	79 M2	2.756,43 €

CUARTO: Someter a Relación de bens e dereitos afectados contida no Proxecto de Expropiación para a obra “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)” a información pública durante un período de 15 días hábiles mediante a publicación no Boletín Oficial da provincia de A Coruña, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Pontedeume, con notificación persoal ós interesados, para que os titulares de bens e dereitos afectados pola expropiación poidan aportar por escrito cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen na relación publicada, ou oporse a publicación ou disposición dos bens e dereitos por motivos de forma ou fondo, que fundamentaran motivadamente. Os solos efectos da subsanación de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural e xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime oportunos. A

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

tales efectos, o expediente poderá ser obxecto de consulta na sede do Concello de Ponte deume, de luns a venres entre as 09:00 e as 14:00 horas.

Caso de que non se producisen alegacións, considerarase aprobada definitivamente aquela relación e iniciado o expediente expropiatorio; e de producirse, emítase informe técnico sobre as mesmas.

QUINTO.- Notificar persoalmente a presente Resolución aos propietarios das fincas e demais interesados sobre as mesmas dos que o Concello de Ponte deume teña coñecemento.

Asinado dixitalmente en Ponte deume a 19 de febreiro de 2018 polo Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Non habendo intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE en todos os seus termos por 4 votos a favor** dos/as representantes do Grupo Municipal do PSOE: D. José Simoes Couceiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; **e 3 abstencións** do resto das señoras e señores concelleiros, do PP(2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte e do BNG-AA(1): Dna. Ana Veira García.”

A Presidencia abre a quenda para o debate dando conta da necesidade da expropiación derivada da ampliación do bombeo no peirao, do proxecto obxecto do convenio asinado con Augas de Galicia, e que afecta a unha parte de terreos de titularidade privada. Indica que, logo de se ter contactado con unha das persoas propietarias e co obxecto de que os espazos afectados pasasen a ser de titularidade pública no menor prazo posible, condición necesaria para a posta a disposición do dito organismo dos terreos, e que se proceda á execución da obra canto antes, optouse pola expropiación por considerarse o sistema máis sinxelo.

De seguido toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular. D. Francisco Javier Crespo Romeo considera que, pola exposición do Sr. Alcalde, parece que está “todo controlado” e di que non é verdade que se falou coas familias xa que dende unha destas logo de que di, por conciencia, foran falar con ela, se lle trasladou que dende o Concello non se realizou ningún tipo de contacto previo. Incide na importancia do diálogo e de que as familias afectadas dispoñan da información que lles afecte en todo momento. Dende o seu grupo consideran, e así o propoñen, é trasladar á Xunta de Galicia que o tanque de tormentas se puidera retirar á zona pública (detrás dos almacéns, baixo a terra...entre outras posibilidades), e que non afecte ás propiedades privadas. Di que dende o seu grupo se puxeron en contacto cun voceiro dunha das familias, dende onde lle trasladaron gratitude, e que pola súa situación de discapacidade non pode acudir ao Concello mais que se poñerá en contacto. Conclúe coa proposta do cambio de emprazamento, considera que se esgotan os prazos ata o último minuto, en referencia ao tempo dende que o proxecto está no Concello ata a celebración da comisión informativa do luns, e anuncia o voto en contra do seu grupo.

De seguido toma a palabra Dna. Ana Veira García. A Sra. Portavoz do Grupo Municipal do BNG di que, sen entrar no que acaba de dicir o portavoz do PP, que na comisión informativa se explicaron unha serie de feitos: a reunión cunha persoa portavoz dunha das propiedades e que coa outra parte non se puidera falar. Sobre o proxecto e o financiamento, que non depende do Concello se non de Augas de Galicia e que, se non se realiza o investimento, non se prorroga, considera que as melloras do saneamento son importantes, unha labor fundamental que revirte na cidadanía e no medio ambiente. Di que non poden poñer en tela de xuízo o emprazamento da infraestrutura xa que son os técnicos os que fan a proposta e que por tanto, ela non é quen



de dicir que se coloque noutro lado. Dito isto, e de existir a posibilidade de que se puidera modificar o proxecto, esta modificación implicaría moito máis tempo e que, tendo en conta os prazos nos que se tería que ter executado a obra (no 2019, segundo indica o Sr. Alcalde), correríase o risco de perdelo. Asumindo que todas as persoas afectadas teñen dereito a dicir o que queren, considera que se trata dunha obra suficientemente importante como para que se xustifique este procedemento da expropiación. Anuncia o voto favorable do seu grupo en aras da execución da obra e que non se perda o investimento.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro remítese á explicación da concelleira do BNG e di dubidar da boa conciencia do portavoz do PP, coa que manifestou que foi falar cunha das familias e faille a pregunta se pensa que os enxeñeiros de Augas de Galicia non pensaron nas distintas posibilidades, tendo en conta que se non está en terreos públicos o procedemento é moito máis complexo. Di que os tempos son vitais para quitar a concesión e que o último proxecto modificado chegou en novembro de 2017, onde se incluíu unha destas parcelas que non estaba no proxecto inicial, cando se empezou a negociar, e que o último escrito ao respecto da dispoñibilidade dos terreos chegou o 6 de febreiro, hai dezasete días. Di que se ten falado coas familias e que, como xa dixo, dende unha delas se lle trasladou como mellor opción a expropiación e que, coa outra persoa, á que fai referencia o portavoz do PP, mantivo reunións en varias ocasións para mercar todo o terreo e incorporalo ao patrimonio municipal, para cuxa taxación xa se emitiu o documento de retención de crédito hai semanas.

De seguido, prodúcese un debate sobre o xeito de proceder e sobre as distintas versións.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO por 7 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Marta Pico Machado, e do BNG-AA(1): Dna. Ana María Veira García e **4 votos en contra** dos membros do Grupo Municipal do PP(4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO: Aprobar o Proxecto de Obra denominado “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)” Tomo I e II remitido polo organismo Augas de Galicia, con data 21/04/2017, nº RE 2002, o cal ten declarada a utilidade pública a efectos de expropiación en aplicación do disposto no artigo 79.4 da Lei 9/2010 do 4 de novembro de augas de Galicia, segundo indica o escrito remitido ao concello de Pontedeume por Augas de Galicia o día 06/02/2018 (RE nº 543)

SEGUNDO: Iniciar procedemento expropiatorio necesario para a ocupación dos terreos afectados pola execución do Proxecto de Obra denominado “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)” Tomo I e II remitido polo organismo Augas de Galicia, con data 21/04/2017, nº RE 2002, atendendo ao indicado na Lei de 16 de decembro de 1954 de expropiación forzosa e o Regulamento de desenvolvemento, e dando cumprimento ao establecido no Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o concello de Pontedeume para a execución de actuacións de melloras no saneamento de Cabañas e Pontedeume. Fase I Concello de Pontedeume (A Coruña), cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER nun 80 % no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 asinado o 30/08/2016.

TERCEIRO: Aprobar o proxecto de expropiación elaborado pola Enxeneira agrónoma Andrea Fernández Martínez en data novembro de 2017, presentado no RE de data 24/11/2017 nº 6501 no que se formula e polo tanto se aproba a relación concreta, individualizada e valorada dos bens a expropiar para a execución da obra “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)” Tomo I e II, entendendo así implícita a necesidade de ocupación dos terreos afectados polo proxecto de obras ao que se lle da aprobación, segundo o indicado no artigo 17 da Lei de 16 de decembro de 1954; que son:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº	DATOS CATASTRAIS (POL-PARC)	REF CATASTRAL	PARAXE	TITULAR	DOMICILIO	POBOACIÓN	SUP EXPROPIADA	VALORACIÓN TOTAL, SEGUNDO CADRO RESUMO DE VALORACIONES CONTIDO NO PROXECTO EXPROPIATORIO
2	69693 12	6969312NJ6066N	CL MUELLE	ROSADO ESPADA ENRIQUE (HEREDEROS DE)	CL RUA DO PINCHO 1	15600 PONTEDEUME	49 M2	1.709,68 €
3	69693 13	6969313NJ6066N	CL MUELLE	BOUZA VÁZQUEZ JESÚS (HEREDEROS DE)	LG BAÑOBRE 76	15630 MIÑO	79 M2	2.756,43 €

CUARTO: Someter a Relación de bens e dereitos afectados contida no Proxecto de Expropiación para a obra "Melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello Ponte deume (A Coruña)" a información pública durante un período de 15 días hábiles mediante a publicación no Boletín Oficial da provincia de A Coruña, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Ponte deume, con notificación persoal ós interesados, para que os titulares de bens e dereitos afectados pola expropiación poidan aportar por escrito cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen na relación publicada, ou oporse a publicación ou disposición dos bens e dereitos por motivos de forma ou fondo, que fundamentaran motivadamente. Os solos efectos da subsanación de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural e xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime oportunos. A tales efectos, o expediente poderá ser obxecto de consulta na sede do Concello de Ponte deume, de luns a venres entre as 09:00 e as 14:00 horas.

Caso de que non se producisen alegacións, considerarase aprobada definitivamente aquela relación e iniciado o expediente expropiatorio; e de producirse, emítase informe técnico sobre as mesmas.

QUINTO.- Notificar persoalmente a presente Resolución aos propietarios das fincas e demais interesados sobre as mesmas dos que o Concello de Ponte deume teña coñecemento.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS PARA APOIAR A FOLGA INTERNACIONAL DE REIVINDICACIÓN FEMINISTA DO 8 DE MARZO.

A Presidencia da a palabra á portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, quen da lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



A folga feminista do 8 de marzo pretende ser unha chamada de atención, dende o ámbito local máis próximo ao internacional, sobre a desigualdade e invisibilidade que historicamente sofren as mulleres, co obxectivo de esixir a mellora das súas condicións sociais e laborais para combater as discriminacións laborais agravadas polas medidas aplicadas baixo a coartada da crise económica.

A fenda salarial en Galiza é do 23%, pois mentres o salario medio anual dos homes estímase en 20.243 euros o das mulleres só chega aos 15.730 euros, ao que hai que engadir que os contratos a tempo parcial, temporal e descontinuo son maioritariamente femininos, o que repercute na baixa cotización, soldo, prestación do paro e das pensións. En Pontedeume, segundo hai 270 mulleres rexistradas no paro e 234 homes, segundo os datos da Xunta do mes de decembro do 2017. Máis aínda, no laboral as mulleres galegas sofren a inexistencia dun marco de relacións laborais galego que axude a negociar melloras para os traballos feminizados do noso país, como a conserva, ademais de sufrir as consecuencias das reformas laborais do goberno central, lesivas para a clase obreira, e a desatención de Xunta e Estado ao fomento de políticas activas contra a discriminación laboral sobre as mulleres. Por outra banda, ao tempo que cobran menos de media e sofren máis precariedade, no ámbito do consumo foméntase que as mulleres teñan que adquirir produtos máis caros que aplican a denominada "taxa rosa" cando están dirixidos ao mercado feminino, ademais de gravar os produtos básicos de hixiene cun 21% de IVE.

Por causa do sistema patriarcal e da realidade socioeconómica, as mulleres sofren máis atrancos na conciliación da vida familiar e laboral, para o que se fai necesario mudar ideas, comportamentos e mesmo leis para poder garantir a igualdade de dereitos e de oportunidades. Tampouco se recoñecen as tarefas domésticas e de coidado familiar, por iso esta convocatoria tamén pretende chamar a atención sobre os coidados e as tarefas. Durante a crise, esta situación agravouse e o deterioro dos servizos públicos agrava unha desigualdade que, superado o ciclo económico da recesión, busca consolidarse. Desta forma, os datos demostran que son maioritariamente as mulleres as que optan por xornadas parciais ou excedencias para coidar crianzas e maiores, moi por riba da poboación masculina. No caso das excedencias, por exemplo, no 2017 foron solicitadas por mulleres 1.078 fronte a 132 pedidas por parte de homes.

A convocatoria do 8 de marzo aspira a ser transversal para mudar, dende o cotiá, o sistema articulado baixo as ordes do patriarcado, do capitalismo, do racismo, da emigración e da depredación ambiental. Por estes motivos, esta folga pretende incidir no ámbito laboral, de coidados, estudantil e de consumo.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello Pontedeume apoiará a convocatoria desta folga de mulleres prevista para o 8 de marzo de 2018 no marco dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.

2. O Concello de Pontedeume realizará un chamado a participar nas mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego e a secundar a manifestación nacional unitaria."

Concluída a lectura a Sra. Veira García explica o motivo da presentación da moción e as distintas formas propostas para a xornada de folga, coa que se pretende poñer enriba da mesa a situación dun sector da poboación, situación á que se fai referencia na exposición de motivos. Considera que se está a dar un paso máis en referencia ás peticións de mocións presentadas en anos anteriores co apoio a este paro a nivel internacional que se pide dende as

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

organizacións sindicais, e que pode ser de dúas horas ou de vinte e catro, no que se trata de “poñer na picota” a situación da muller e por tanto, pide o apoio á moción.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dña. Ascensión de Vicente Olarte. A concelleira do Partido Popular indica que non se tivo chegado a un acordo sobre un punto, o da folga, nunha xuntanza de máis de dúas horas á que foron convocados polo Alcalde, xesto que cualifica como “loable”. Pregunta se se chegou a un acordo entre o BNG e PSOE, xa que se falou de presentar unha conxunta.

Dña. Raquel Caruncho Corral, concelleira do Grupo Municipal do PSOE, quen indica que dende o seu grupo están a favor de sumarse á iniciativa de folga se ben propón modificar os acordos no sentido de que o Concello apoiará a convocatoria sumándose a esta iniciativa, e o segundo, no sentido de que o Concello realizará un chamamento a sumarse á convocatoria.

Dña. Ana Veira García di que se acepta a emenda proposta dende o PSOE, quedando redactado do seguinte xeito:

“1. O Concello Ponte deume apoiará a convocatoria desta folga de mulleres prevista para o 8 de marzo de 2018, sumándose á convocatoria dos sindicatos dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.

2. O Concello de Ponte deume realizará un chamado a sumarse ás mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego e a secundar a manifestación nacional unitaria.”

Concluídas as intervencións, sométese a proposta EMENDADA a votación, quedando **ADOPTADO por 7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, Dña. Silvia Fornos Permuy, Dña. Yolanda Vázquez Busto e Dña. Marta Pico Machado; e do BNG-AA (1): Dña. Ana María Veira García; e **4 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP: D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; o seguinte **ACORDO**:

1. O Concello Ponte deume apoiará a convocatoria desta folga de mulleres prevista para o 8 de marzo de 2018, sumándose á convocatoria dos sindicatos dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.

2. O Concello de Ponte deume realizará un chamado a sumarse ás mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego e a secundar a manifestación nacional unitaria.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN AO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.



A Presidencia da a palabra ao Grupo Municipal do PP, sendo a concelleira Dna. Ascensión de Vicente Olarte, quen da lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos piares fundamentais na construción das políticas de igualdade é a necesidade de garantir o acceso, a permanencia e a promoción no emprego en iguais condicións de oportunidades, así como garantir a elección libre de proxecto de familia e a compatibilidade deste co desenvolvemento profesional.

A conciliación, tradicionalmente, foi entendida como un ámbito a resolver polas mulleres, tamén moitas e, aínda na actualidade, víronse na tesitura de escoller entre a súa vida profesional e a familiar.

Hoxe en día, a conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto polos homes coma polas mulleres e, debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións. A tal fin, a Xunta de Galicia ven de convocar, unha liña de axudas para as entidades locais de Galicia, cuxo obxectivo enmárcase no compromiso formal e prioritario da Unión Europea dende a entrada en vigor do Tratado de Ámsterdam, onde se recolle como un eixo fundamental e irrenunciable, a consideración da igualdade entre homes e mulleres como un obxectivo horizontal chamado a integrar a totalidade das políticas da Comunidade, o que significa a aplicación do principio de igualdade de trato nos diferentes ámbitos; isto é: a loita contra a discriminación por razón de sexo no acceso o emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada, e a promoción de igual remuneración por igual traballo, así como a loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades.

Na Extratexia europea 2020, por un crecemento intelixente sustentable e integrador, tamén se destaca a necesidade de desenvolver políticas que promovan a igualdade entre sexos co fin de incrementar a participación da poboación laboral, contribuíndo así ao crecemento e á cohesión social.

Así pois, a liña de axudas da Xunta de Galicia ás Entidades Locais, ten por obxecto facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local, como son os programas de fomento da conciliación, sempre que os seus obxectivos respondan ao fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares; así como os Bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlles ás persoas un sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

Falamos tamén, nun chanzo máis, de corresponsabilidade, entendendo esta como a participación alicuota dos distintos membros das unidades de convivencia nos traballos domésticos e de coidado.

Por outro lado, é de vital importancia traballar na sensibilización social en relación coas vantaxes dunha organización social corresponsable e das medidas para a harmonización da vida privada e laboral, así como na paternidade responsable, exemplificado no uso de medidas e permisos de conciliación por parte dos homes, que deben ser promovidos e fomentados. Pero pese a que se teñen dado pasos por parte de todos os axentes implicados que sen dúbida contribuen a avanzar neste eido, é necesario seguir profundizando e mellorando na planificación das políticas de igualdade.

Resulta imprescindible e necesario, que o asociacionismo feminino e a administración vaian da man no traballo en prol da igualdade, e para iso deben establecerse medidas que aseguren a

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

súa pervivencia e sustentabilidade económica e xeracional, e que faciliten as súas importantes actividades, que reverten no só nas súas asociadas senón en toda a sociedade. Neste senso, é necesario tamén destacar o papel de cohesión e sonoridade destas asociacións, que constrúen e articulan auténticas redes de colaboración que reforzan e dan continuidade ao traballo colectivo en prol da igualdade.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular do Concello de Ponte deume solicita ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**

1. Instar ao Concello de Ponte deume a:

- a) *Profundizar na transformación dos valores que reproducen a desigualdade de xénero, a través de campañas e accións de sensibilización e información o conxunto da cidadanía sobre as ventaxas sociais da conciliación corresponsable.*
- b) *Poñer en valor e dar visibilización a contribución feminina neste concello, a través da posta en marcha dun programa anual de recoñecemento ao labor, traballo e talento das mulleres que contribuíron o desenrolo cultural, económico e social de Ponte deume*
- c) *Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproduzcan estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.*
- d) *Consolidar un sistema de apoios á conciliación dirixidos á atención á infancia, ao coidado de persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou situación de dependencia en colaboración ca Xunta de Galicia.*

2. Así mesmo, instar ao concello de Ponte deume a dirixirse á Xunta de Galicia e instala a:

- a) *Continuar e mellorar as liñas de axuda para as Entidades Locais en colaboración ca Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxectivo de mellorar os recursos a disposición da cidadanía en prol da Igualdade de Xénero.*
- b) *Seguir na procura do fortalecemento do tecido asociativo feminino en xeral e, moi particularmente no ámbito rural, a través de liñas de axudas e programas.*
- c) *Realizar campañas de divulgación e visibilización da contribución das mulleres galegas nos ámbitos da cultura, a ciencia, o deporte, así como noutras especialidades, como referentes necesarios para a sociedade en xeral e a mocidade en particular.”*

Concluída a lectura, a Sra. De Vicente Olarte apunta á noticia que recibiu no día de onte da morte de “Forges”, que cualifica como un dos mellores cronistas sociais dos últimos decenios, recordando a dúas das súas personaxes: Mariano e Concha.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García, portavoz do BNG quen, empezando polo final, di non entender a referencia neste punto á morte de “Forges” a quen di, tivo o gusto de coñecer e que todos/as os presentes téñeno na cabeza. Fai referencia á importancia da súa escrita.

No que respecta ao fondo da moción di que cre lícito que se aproveite a situación para presentar a moción e “botarse flores”, en referencia ao que considera publicidade da Xunta no que respecta ás liñas de axudas, se ben lle resulta curioso o contido da exposición de motivos xa que di, se incide en proxectos privados máis que na elaboración de leis e que realmente se leven a cabo de xeito oportuno. Recorda as mocións ás que facía referencia aprobadas por unanimidade en ocasións anteriores, nas que se instaba á Xunta á necesidade de elaborar unha nova lei e do cumprimento da vixente, a elaboración de estudos..., se ben considera que



se está repetindo o mesmo e que hai momentos nos que hai que pararse a mirar e ver que se fai, se seguir na mesma liña ou dar máis pasos, como é o de pedir unha convocatoria de folga. Dito isto, di que non está disposta, nin a nivel persoal nin como portavoz do BNG, ao que considera facerlle o xogo ao Partido Popular no que respecta a dar o beneplácito ao traballo da Xunta e facer o “paripé” político, en tanto que a Xunta ten obriga de facelo. Anuncia o voto en contra do seu grupo polas formas, estando de acordo cos puntos, xa aprobados en mocións anteriores, por considerar que con este tipo de mocións se quere ocultar a verdadeira situación.

Intervén de seguido D. Bernardo Fernández Piñeiro quen, estando de acordo co contido dos acordos e sinalando que o contido do punto primeiro xa se está a cumprir, di non entender o contido da exposición de motivos, cualificándoa de partidista. Considera que, se realmente houbera interese para coa aprobación da moción, se retirarían as referencias ás políticas que fai unha determinada administración. Pide que se cambie a exposición de motivos xa que a cualifica de pouco seria cuxo contido cualifica como publicidade institucional.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte di que manteñen a proposta e que toman nota para ver que, próximas mocións tanto do PSOE como do BNG, non sexan partidistas. D. Francisco Javier Crespo Romeo defende o contido da exposición de motivos, por ser o traballo que se está a facer na Xunta.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, **NON ADOPTÁNDOSE ACORDO por 7 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, Dña. Silvia Fornos Permuy, Dña. Yolanda Vázquez Busto e Dña. Marta Pico Machado; e do BNG-AA (1): Dña. Ana María Veira García; **e 4 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP: D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez.

6.- DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 2.2018 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (CUARTO TRIMESTRE 2017)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 2.2018 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (CUARTO TRIMESTRE 2017)

(Expediente: 2018/G006/000023)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. (...)”

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 2/2018, de asunto: "Informe en aplicación de lo establecido en la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, correspondiente al cuarto trimestre de 2017, y Período Medio de Pago (PMP)"

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde en funcións (delegación conferida por Decreto nº87 de 15.02) D. José Simoes Couceiro, en Ponte deume, a luns 19 de febreiro de 2017."

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

7.- DACIÓN DE CONTA E RATIFICACIÓN DO CONTIDO DO DECRETO 76/2018 "EXPEDIENTE DE APROBACIÓN PROXECTO PARA MELLORA DO PARQUE INFANTIL DE CENTROÑA (POS+ 2018 COMPLEMENTARIO) EXPEDIENTE Nº 2018/G003/000069"

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“.PROPOSTA DE ALCALDÍA

DACIÓN DE CONTA E RATIFICACIÓN DO CONTIDO DO DECRETO 76/2018 **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 22/02/2018**

Expediente: 2018/G006/000026

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta expresa do Decreto 76/2018 de 9 de febreiro, de "Aprobación proxecto para Mellora de Parque infantil en Centroña (POS+ 2018)" aos efectos da súa ratificación polo pleno.

"Descripción decreto: EXPEDIENTE DE APROBACIÓN PROXECTO PARA MELLORA DO PARQUE INFANTIL DE CENTROÑA (POS+ 2018 COMPLEMENTARIO)

EXPEDIENTE Nº 2018/G003/000069

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Visto o proxecto con rexistro de entrada número 6792 de 5 de decembro de 2017, para a "Obras de mellora do Parque Infantil de Centroña".

Visto que mediante acordo do Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente de data 19/12/2017 se acordou incluír dentro do Plan de Cooperación ás obras e servizos de



competencia municipal (Plan Único de Concello) POS+ 2018 da Deputación Provincial da Coruña, dentro do apartado "Plan Complementario" o proxecto de obras de "Mellora do Parque Infantil e pista polideportiva de Centroña.

Visto o proxecto de obra "Mellora do Parque Infantil de Centroña" presentado no Rexistro Xeral do Concello de data 22 de decembro de 2017 con nº de rexistro 7097.

Visto o requirimento feito pola Deputación Provincial da Coruña de data 24/01/2018 e 26/01/2018 no que se pon de manifesto deficiencias no proxecto logo do informe de supervisión dos Servizos Técnicos da Deputación desfavorable de data 02/01/2018. Así mesmo deberanse corrixir os anexos VII e VIII.

Visto que o proxecto de obra "Mellora do Parque Infantil de Centroña" presentado no Rexistro Xeral do Concello de data 22 de decembro de 2017 con nº de rexistro 7097 fai un novo desglose no resumo do presuposto, eliminándose as partidas correspondentes a "gastos correntes" e "beneficio industrial", posto que aínda que se trata dun contrato con prestacións correspondentes a contratos de distinta clase atenderase neste caso, para determinar as nomas a observar para a súa adxudicación, ao carácter da presentación que teña máis importancia dende o punto de vista económico, sendo neste caso o do subministro, non modificándose o presuposto total do mesmo por importe de 38.883,02 € (IVE incluído).

Advertido que na diferente documentación tramitada durante o expediente se fai referencia a unha pista polideportiva e dado que se trata dun erro de transcripción posto que a mesma non é obxecto desta subministración, referíndose unicamente ao proxecto denominado "Mellora do parque infantil de Centroña", erro que foi incorporado posteriormente ao acordo aprobado polo Pleno do Concello en data 19/12/2017. A documentación na que se advirte o referido erro é a seguinte:

- Anexo II: Memoria do Plan
- Anexo VI: Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade
- Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía-presidencia
- Anexo VIII: Informe de intervención específico de cada investimento financeiramente sostible.

Consta modificación do Anexo VII asinado o día 06/02/2018.

Consta modificación do Anexo II asinado o día 08/02/2018.

Consta modificación do Anexo V asinado o día 09/02/2018.

Consta modificación do Anexo VI asinado o día 09/02/2018.

Consta modificación do Anexo VIII asinado o día 09/02/2018.

Visto o acordo do Pleno do Concello de data 20 de xuño de 2015 no que se acorda delegar na Alcaldía a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa aprobación ou concesión, e cando aínda non están previsto nos presupostos.

Visto canto antecede, esta alcaldía-presidencia, pola presente **RESOLVE**:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto para a subministración, con parte de obra para "Mellora do parque infantil de Centroña", redactado pola arquitecta técnica Olivia Souto Freiría en decembro de 2017, con data de rexistro de entrada no Concello 22/12/2018 (nre 7097) cun valor estimado de 32.134,73 € máis 6.748,29 de IVE (21%).

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO.- Condicionar con efectos suspensivos para dotar de plena eficacia ao presente acto administrativo, á ratificación do presente acordo na seguinte sesión ordinaria do Pleno que se celebre, ao ser o órgano competente da aprobación do mesmo, segundo as Bases aprobadas pola Deputación da Coruña para o Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concello) POS+ 2018.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)."

Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro (P.D.: Decreto 87/2018 de 15/02/2018)"

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

8.- DACIÓN DE CONTA E RATIFICACIÓN DO CONTIDO DO DECRETO 71/2018 e 75/2018 "EXPEDIENTE DE APROBACIÓN PROXECTO PARA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA (POS+ 2018) EXPEDIENTE Nº 2018/G003/000088"

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

DACIÓN DE CONTA E RATIFICACIÓN DO CONTIDO DO DECRETO 71/2018 e 75/2018 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 22/02/2018 Expediente: 2018/G006/000027

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta expresa do Decreto 71/2018 de 8 de febreiro e 75/2018 de 9 de febreiro, de "Aprobación proxecto para reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola infantil de Nogueirosa (POS+ 2018)" aos efectos da súa ratificación polo pleno.

"Descrición decreto: EXPEDIENTE DE APROBACIÓN PROXECTO PARA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA (POS+ 2018)

EXPEDIENTE Nº 2018/G003/000088

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Visto o proxecto con rexistro de entrada número 201799900000159 de 12 de decembro de 2017, para a "Obras de mellora do Parque Infantil de Centroña".



Visto que mediante acordo do Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente de data 19/12/2017 se acordou incluír dentro do Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concello) POS+ 2018 da Deputación Provincial da Coruña, dentro do apartado "Préstamo Provincial 2018" o proxecto de obras de Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola Infantil de Nogueirosa.

Visto o requirimento feito pola Deputación Provincial da Coruña de data 26/01/2018 no que se pon de manifesto deficiencias no proxecto logo do informe de de supervisión dos Servizos Técnicos da Deputación desfavorable de data 22/01/2018.

Visto o proxecto de obra modificado de "Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola Infantil de Nogueirosa" presentado no Rexistro Xeral do Concello de data 8 de febreiro de 2018 con nº de rexistro 566.

Visto o acordo do Pleno do Concello de data 20 de xuño de 2015 no que se acorda delegar na Alcaldía a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa aprobación ou concesión, e cando aínda non estan previsto nos presupostos.

Visto canto antecede, esta alcaldía-presidencia, pola presente **RESOLVE**:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto modificado para a obra "Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola Infantil de Nogueirosa", redactado polo arquitecto Óscar Sánchez Martínez presentado no Rexistro Xeral do Concello de data 8 de febreiro de 2018 con nº de rexistro 566.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.

TERCEIRO.- Condicionar con efectos suspensivos para dotar de plena eficiacia ao presente acto administrativo, á ratificación do presente acordo na seguinte sesión ordinaria do Pleno que se celebre, ao ser o órgano competente da aprobación do mesmo, segundo as Bases aprobadas pola Deputación da Coruña para o Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concello) POS+ 2018.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D.Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe.(Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)."

"Descripción decreto: EXPEDIENTE DE CORRECCIÓN ERROS MATERIAIS DECRETO 71/2018 DE 8/02/2018

EXPEDIENTE Nº 2018/G003/000087

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Visto que mediante Decreto de Alcaldía nº 71/2018 de data 8/02/2018 resolveuse aprobar o proxecto modificado para a obra "Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola Infantil de Nogueirosa", redactado polo arquitecto Óscar Sánchez Martínez presentado no Rexistro Xeral do Concello de data 8 de febreiro de 2018 con nº de rexistro 566.

Advertido que a parte expositiva, contén erros materiais de transcripción que poden afectar ao expediente administrativo da súa razón.

Na parte expositiva do decreto ONDE DI:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

"Visto o proxecto con rexistro de entrada número 201799900000159 de 12 de decembro de 2017, para a "Obras de mellora do Parque Infantil de Centroña".

DEBE DICIR:

"Visto o proxecto con rexistro de entrada número 201799900000159 de 12 de decembro de 2017, para a "Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola Infantil de Nogueirosa".

Visto canto antecede, esta alcaldía-presidencia, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, pola presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar a parte expositiva do decreto de alcaldía nº 71/2018 de data 8/02/2018, no seguinte sentido:

Na parte expositiva do decreto ONDE DI:

"Visto o proxecto con rexistro de entrada número 201799900000159 de 12 de decembro de 2017, para a "Obras de mellora do Parque Infantil de Centroña".

DEBE DICIR:

"Visto o proxecto con rexistro de entrada número 201799900000159 de 12 de decembro de 2017, para a "Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola Infantil de Nogueirosa".

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)."

Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro (P.D.: Decreto 87/2018 de 15/02/2018)"

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

Non houbo.

10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.



A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 22/02/2018

Expediente: 2018/G006/000031

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **16.2018** de 22 de xaneiro, a **90.2018** de 16 de febreiro, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2018/G003/000029	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25.01.2018	00016/2018	22/01/2018
2017/G003/000885	CONCESIÓN DE VADO PERMANENTE EN RÚA PORTO, 37. DONA CONCEPCIÓN FORNOS GÓMEZ	00017/2018	24/01/2018
2018/G003/000003	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA	00018/2018	24/01/2018
2018/G003/000018	RESOLUCIÓN INICIO EXPEDIENTES SANCIONADORES TRÁFICO (FERNÁNDEZ***-ALLEGUE***)	00019/2018	24/01/2018
2018/G003/000019	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE RENOVACIÓN DA CUBERTA E ADECUACIÓN INTERIOR DO PAVILLÓN DE “A CASQUIERA” (POS+ 2017) Expte. 2017/C002/000023	00020/2018	24/01/2018
2018/G003/000021	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA RENOVACIÓN DA CUBERTA E ADECUACIÓN INTERIOR DO PAVILLÓN A CASQUEIRA (POS+ 2017) Expte. 2017/C002/000024	00021/2018	24/01/2018
2018/G003/000024	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00022/2018	24/01/2018
2018/G003/000025	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00023/2018	24/01/2018
2018/G003/000027	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00024/2018	24/01/2018
2018/G003/000022	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	00025/2018	24/01/2018
2018/G003/000020	APROBACIÓN DE PADRÓN VIAQUA - 4º TRIMESTRE 2017	00026/2018	24/01/2018
2018/G003/000030	COMPARECENCIA EN XUÍZO, PRESENTACIÓN EN AUTOS E REPRESENTACION DO CONCELLO NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 92/2017 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 4 DA CORUÑA	00027/2018	24/01/2018
2018/G003/000017	Proposta de baixa no servizo de axuda no fogar de libre concorrencia	00028/2018	24/01/2018
2018/G003/000014	Proposta de alta no Servizo de axuda no fogar de libre concorrencia	00029/2018	24/01/2018
2018/G003/000036	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 27/2018 DE DATA 24.01.2018	00030/2018	24/01/2018
2018/G003/000032	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 25.01.2018	00031/2018	24/01/2018
2018/G003/000037	011/X003. OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS A NOME DE D.JUAN ALEJANDRO RICO RIVEIROS	00032/2018	24/01/2018
2018/G003/000038	012/X003. OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS A NOME DE D.ALEJANDRO BARROS FONTE.	00033/2018	24/01/2018
2018/G003/000033	PAGAMENTO DOS SEGUROS SOCIAIS DE	00034/2018	25/01/2018

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	DECEMBRO2017		
2018/G003/000035	APROBACIÓN DO PADRÓN DE RECOLLIDA DE LIXO 2018	00035/2018	25/01/2018
2018/G003/000039	INCIDENCIAS NÓMINA MES XANEIRO 2018.	00036/2018	25/01/2018
2018/G003/000041	RESOLUCIÓN NÓMINA MES DE XANEIRO 2018.	00037/2018	25/01/2018
2018/G003/000045	INCOACCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA A CONSTANTINO CAMPOS PIÑEIRO – EXPTE: 2016/I002/000007	00038/2018	30/01/2018
2018/G003/000048	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00040/2018	30/01/2018
2018/G003/000047	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00041/2018	30/01/2018
2018/G003/000049	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00042/2018	30/01/2018
2018/G003/000050	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00043/2018	30/01/2018
2018/G003/000051	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00044/2018	30/01/2018
2018/G003/000053	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00045/2018	30/01/2018
2018/G003/000054	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00046/2018	30/01/2018
2018/G003/000044	BASES CONCURSO DE DISFRACES DE ADULTOS 2018	00047/2018	31/01/2018
2018/G003/000061	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRAINSTALACIÓN DE CUBRECOLECTORES DE LIXO EN CAMPOLONGO E CENTROÑA (POS Adicional 2016). EXPTE 2017/C003/000005	00048/2018	02/02/2018
2018/G003/000056	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES, XESTIÓN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA REPARACIÓN DA CUBERTA E ADECUACIÓN INTERIOR DO PAVILLÓN A CASQUEIRA (POS+ 2017) EXPTE 2017/C003/000004	00049/2018	02/02/2018
2018/G003/000052	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00050/2018	02/02/2018
2018/G003/000011	CONTA XUSTIFICATIVA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00051/2018	02/02/2018
2018/G003/000064	PAGO 10% RESTANTE -SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2017 CLUB FÚTBOL SALA PONTEDEUME-	00052/2018	02/02/2018
2018/G003/000065	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº1/2018, SUBEXPEDIENTE DE T.C. Nº1.	00053/2018	02/02/2018
2018/G003/000028	Solicitud de subvención de fomento do emprego para a contratación de socorristas. Ano 2018	00054/2018	05/02/2018
2018/G003/000034	Solicitud de subvención para contratación de Risgas 2018	00055/2018	05/02/2018
2018/G003/000068	APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/2018, SUBEXPEDIENTE DE X.C. Nº1.	00056/2018	06/02/2018
2018/G003/000070	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 3/2018, SUBEXPEDIENTE DE X.C. Nº2 - POS+ ADICIONAL 2017.	00057/2018	06/02/2018



2018/G003/000012	RESOLUCIÓN ESTIMATORIA RECURSO DE REPOSICIÓN SANCIONADORES TRÁFICO	00058/2018	06/02/2018
2018/G003/000074	COMPARECENCIA E DESIGNACIÓN DE DEFENSA LETRADA PARA O PROCEDIMENTO ORDINARIO PO 807/2017-Y DE MARTÍN CASTRO REY CONTRA O CONCELLO DE PONTEDEUME, DO XULGADO DO SOCIAL Nº2 DE FERROL.	00059/2018	07/02/2018
2018/G003/000031	DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA Á ORGANIZACIÓN DO MARATÓN DE FÚTBOL SALA DE PONTEDEUME 2015	00060/2018	07/02/2018
2018/G003/000055	APROBACIÓN PADRÓNS SAF LIBRE CONCURRENCIA E DEPENDENCIA, MES DE DECEMBRO DE 2017	00061/2018	07/02/2018
2018/G003/000075	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00062/2018	07/02/2018
2018/G003/000076	ACORDO DE TOMA DE POSESIÓN DO FUNCIONARIO DON PAULO DÍAZ ROMERO	00063/2018	07/02/2018
2018/G003/000046	NOMEAMENTO DE DON JOSÉ LUIS SANDE VÁZQUEZ COMO INTERVENTOR ACCIDENTAL PARA 12, 14 E 15 DE FEBREIRO, 26, 27 E 28 DE MARZO E 2 E 3 DE ABRIL DE 2018	00064/2018	07/02/2018
2018/G003/000042	Solicitud de subvención para reposición de viais na Urbanización Olmo, Pontedeume	00065/2018	08/02/2018
2018/G003/000063	Solicitud subvención para contratación técnico de deportes diputación 2018	00066/2018	08/02/2018
2018/G003/000079	CONTRATACIÓN DE D. FRANCISCO J. ALLEGUE VALES PARA O POSTO DE PEÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.	00067/2018	08/02/2018
2018/G003/000085	NOMEACIÓN DO XURADO DO CONCURSO DE ADULTOS ENTROIDO 2018 DE PONTEDEUME	00068/2018	08/02/2018
2018/G003/000077	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 09.02.2018	00069/2018	08/02/2018
2018/G003/000073	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE XANEIRO DO 2018	00070/2018	08/02/2018
2018/G003/000088	APROBACIÓN PROXECTO PARA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA (POS+ 2018)	00071/2018	08/02/2018
2017/G003/000906	RETIRADA DE VEHÍCULO DA VÍA PÚBLICA (C2528BP)	00072/2018	08/02/2018
2018/G003/000072	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO PAVILLÓN " A CASQUEIRA". FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2018.	00073/2018	09/02/2018
2018/G003/000078	EXPEDIENTE DE NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL: MARÍA ROCA VÁZQUEZ (12 e 14 de febreiro de 2018)	00074/2018	09/02/2018
2018/G003/000087	CORRECIÓN ERROS MATERIAIS DECRETO 71/2018 DE 8.02.2018	00075/2018	09/02/2018
2018/G003/000069	APROBACIÓN PROXECTO PARA MELLORA DO PARQUE INFANTIL DE CENTROÑA (POS+ 2018 COMPLEMENTARIO)	00076/2018	09/02/2018
2018/G003/000080	Solicitud de subvención a Concellos incluídos nos Parques Naturais de Galicia. Mellora da paisaxe agraria e rehabilitación de elementos patrimoniais históricos.	00077/2018	09/02/2018
2018/G003/000071	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS ANO 2018	00078/2018	09/02/2018
2018/G003/000091	CONCESIÓN DE PRAZA , LISTA DE ESPERA, PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALÉ ROSA" DE PONTEDEUME, CURSO 2017-2018	00079/2018	09/02/2018
2018/G003/000092	INICIO SANCIONADORES TRÁFICO (PEREIRO***- CONCIFA***)	00080/2018	12/02/2018
2018/G003/000081	SUBSTITUCIÓN EN RÉXIME DE INTERINIDADE DE DONA ANA MARIA CALVO FREIRE POR BEGOÑA DOPICO PARDO	00081/2018	12/02/2018

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2018/G003/000089	LIQUIDACION TAXA DEMARCACION DE COSTAS GALICIA.	00082/2018	12/02/2018
2018/G003/000093	INICIO SANCIONADORES TRÁFICO (PRONORED***- AGRICOLA***)	00083/2018	12/02/2018
2018/G003/000090	SOLICITUDE DE AGADER 2018-19. Sustitución de tramos de saneamento dañados e mellora da capa de rodadura na vía municipal da parroquia de Ombre	00084/2018	14/02/2018
2018/G003/000094	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, CONSULTA E INFORME DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 19.02.2018	00085/2018	14/02/2018
2018/G003/000098	DESESTIMACIÓN RECLAMACIÓN IAM RUMBO VICIOS OCULTOS MERCADO	00086/2018	15/02/2018
2018/G003/000097	DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA EN D. JOSÉ SIMOES COUCEIRO. PERIODO: DO 16.02.2018 AO 21.02.2018.	00087/2018	15/02/2018
2018/G003/000083	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA A URBASER, S.A.	00088/2018	16/02/2018
2018/G003/000096	Solicitud de subvención para descripción do arquivo municipal de Ponte deume.Fase II Parcial	00089/2018	16/02/2018
2018/G003/000100	Solicitud de subvención da Axencia de Turismo de Galicia. Sinalización recurso turísticos. 2018.	00090/2018	16/02/2018

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde en funcións (delegación conferida por Decreto nº87 de 15.02) D. José Simoes Couceiro, en Ponte deume, a luns 19 de febreiro de 2017.”

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

11.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo quen, polo Partido Popular, formula os seguintes **ROGOS**:

- 1.- Rogamos tramiten hacia la Demarcación de Carreteras del Estado la reparación del firme de la N651 a su paso por el término municipal de Ponte deume.
- 2.- Rogamos reparen los baches de la Avda. de Raxoi, la última reparación no valió para nada.
- 3.- El alumbrado del Pueblo necesita revisar y reparar: farolas rotas, fundidas... solicitamos su rápida reparación
- 4.- Tras años pidiéndolo en conocimiento el mal estado del tramo en el túnel de la Autopista en Villar, el camino sigue igual sin señalización y con riesgo de accidentes. Rogamos lo reparen además de su firme, reparen el alumbrado.
- 5.- Rogamos retiren los taludes de tierra que a causa de la lluvia se desprendieron y están en peligro algunas pistas municipales, parroquia de Ombre, Camino de Penelas, Camino de Rio Longo, Figueirido en Nogueirosa....
- 6.- Rogamos reparen el tramo desde el Barro al inicio del Empedrado, los baches dificultan el tránsito de los vehículos.



7.- Solicitamos se realicen charlas informativas para dar a conocer las ayudas de la xunta para la mejora de las viviendas a lo largo del Camino Inglés.

8.- Rogamos limpien o tramiten la limpieza del Rio Coves, las lluvias fuertes pueden causar inundaciones por falta de mantenimiento.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que xa se levo a cabo hai meses

9.- Solicitamos revisen el puente de la N-651 a su paso por Andrade, vecinos nos comunican que bajó su altura original en ambos lados.

10.- Rogamos pongan la marquesina de Boebre de una vez.

11.- Volveremos a solicitar reparen el agua de la Fuente del Pilón.

Concluídos os rogos, dende o Grupo Municipal do PP formúlense as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- ¿Qué fechas manejan para el comienzo de las obras del Mercado?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que para finais de Marzo.

2.- La reparación realizada en las aceras del puente de Demarcación de Carreteras del Estado por el Concello para favorecer la entrada y giro de los vehículos con el encuentro con la carretera provincial, no ha tenido éxito, los camiones siguen bloqueando la carretera, ¿ésta obra tuvo las autorizaciones necesarias de las diferentes administraciones?

Dende a Presidencia indícase que se colocaron pivotes ao lado do supermercado. No que respecta ás autorizaciós, indícase que non eran necesarias a este respecto.

3.- ¿Tienen localizado el local para el Grupo Municipal del Partido Popular? Le recordamos que en el pleno pasado nos iban a asignar uno igual que hicieron con el BNG.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que aínda non teñen local atopado e que cando se atope daráselle, indicando que o BNG agardou dous anos.

4.- Sabemos que se van a jubilar 3 policías locales, ¿para cuándo salen estas plazas?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se vai xubilar un, e que as outras dúas materializaríanse se se aprobase a lei.

Dna. Ana Veira García pregunta pola previsión.

O Sr. Fernández Piñeiro fai referencia ao acordo entre a Xunta e a FEGAM ao respecto das convocatorias e que se está a mirar de salvar unha incidencia no Concello para poder incluír as prazas a nivel autonómico.

5.- En el pleno de enero nos dijo que en unos días quedaba resuelto, ¿Cuándo tienen previsto aprobar los presupuestos del año 2018? Como usted dijo que dependía su aprobación de la RPT ¿manejan ya fechas para la aprobación de la Relación de Puestos de Trabajo del concello?

O Sr. Presidente apunta que en principio aprobarase no mes de marzo. Sobre a modificación da RPT di que non teñen unha data pechada.

6.- ¿Para cuando la ordenanza de axudas para a adquisición de Material Escolar 2017/2018, teniendo en cuenta que estamos a 4 meses de finalizar el curso?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes di que unha vez finalizado o prazo do trámite de consulta pública previa agarda que a tramitación pendente permita que os pagamentos podan estar materializados antes de que remate o curso escolar se ben apunta que se pode convocar igualmente a do curso seguinte.

7.- ¿Cuánto lleva facturado la empresa de jardinería ARCE desde que comenzaron la legislatura?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que cincuenta e catro mil euros nestes tres anos, dando conta do importe das distintas facturas e comparando os importes coa empresa "Jardín XXI" do mandato anterior.

De seguido prodúcese un debate sobre os traballos e quen os fai.

8.- Estamos próximos a la Semana Santa y los accesos a la Iglesia Grande están en muy mal estado, ¿tienen prevista alguna acción?

O Sr. Fernández Piñeiro apunta que se vai actuar nuns días, cando podan traballar alí os albaneis e que, lóxicamente, se coordinará a actuación para poder pechar.

9.- Casi a un año de la propuesta para el nombre del Instituto, nombre de mujer, etc., y como estamos próximos al 8 de marzo, ¿ya hay resultado de la votación que nos explicaron entonces?

A Sra. Raquel Caruncho Corral indica que a pregunta está errada en tanto que a proposta é para o Centro de Maiores, non para Instituto. Di que non está realizada a votación pero que si se enviou a convocatoria e que se está pendente dunha modificación das bases, segundo criterio da Intervención.

10.- ¿Tienen ya alguna noticia sobre el causante de los destrozos en los maceteros colocados a lo largo de la fachada marítima?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non se ten noticia algunha e que se ten pedido colaboración veciñal.

Concluída a quenda do Grupo do PP, toma a palabra Dna. Ana Veira García, portavoz do BNG-AA, quen formula os seguintes **ROGOS**:

1.-ADECUACIÓN Á LEI.

O Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/2017, do 3 de outubro, "*De protección e benestar dos animais de compañía en Galicia*", publicada no DOG 11 de outubro do 2017 e que entrou en vigor aos tres meses.

No seu Artigo 9 de PROHIBICIÓN XENÉRICAS contempla, entre outros apartados:

g) Empregar animais en atraccións feirais e outras asimilables.

l) O emprego e a tenza de animais de especies silvestres nos circos.

SOLICITAMOS a adecuación á lei citada da Ordenanza reguladora de tenencias, defensa e protección de animais de compañía.

2.-ACCESIBILIDADE.

Para diferentes eventos ponse a disposición da cidadanía tarimas elevadas onde facer actividades. Esta situación impide a accesibilidade de persoas con dificultades de mobilidade ao tempo que pon trabas á subida de diferentes materiais de escenografía...



ROGAMOS a colocación de rampas ou outros medios que remedien esta situación.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se teñen colocado no entroido.

3.-RESPUESTA AOS ESCRITOS.

Xa hai máis de dous meses que o GM BNG-AA rexistrou unha solicitude dirixida os Sr. Alcalde. En aras á tan pregoada política de transparencia SOLICITAMOS desta alcaldía resposta, por escrito, das solicitudes presentadas.

4.-INCUMPRIMENTO DE ORDENANZAS MUNICIPAIS.

En múltiples ocasións constatamos incumprimento de ordenanzas municipais, en especial na ordenanza nº 19 de Normalización lingüística.

Durante diversos actos institucionais ou organizados polo concello de Pontedeume.

Neste últimos días puidemos velo no Entroido 2018.

ROGAMOS que as diferentes concellarías, en especial a de Cultura, velen polo cumprimento desta ordenanza.

5.-LUZ NAS PROXIMIDADES DO PARQUE INFANTIL

Na zona próxima ao mar baixo o parque infantil no paseo marítimo non hai ningún punto de luz. Nesta zona colócase un panel informativo.

SOLICITAMOS se instale algún punto de luz, como xa había, para facilitar o paso aos usuarios/as.

6.- ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME. (ordenanza 22).

Existe no concello de Pontedeume unha ordenanza de subvencións nas que se especifica o *procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva*.

A realidade destes últimos anos foi só o uso de convenios para facer efectivas as diversas subvencións.

PREGAMOS cumprimento da ordenanza en vigor e que o uso de convenios sexa excepcional.

Pasando a formular as seguintes PREGUNTAS:

1.- SITUACIÓN DA AUGA NAS PRAIAS.

Logo da situación vivida nas praias de Ver e Centroña que deu lugar á catalogación de non aptas para o baño.

Cal é a situación actual destas praias?

Que intervencións hai feitas e por facer?

Poderán abrirse ao baño para este verán?

Dende a Presidencia indícase que a situación é a mesma na que estaban e que se van facer as actuacións con cargo ao POS + complementario 2017, na depuradora de Centroña, que se licitará en breve. No caso de Ver estase a redactar o proxecto. Sobre a apertura ao baño, dependerá do resultado das análises que realiza a Xunta.

2.- DÍA DE ROSALÍA 24 DE FEBREIRO.

Xa o 02 de febreiro do ano 2012 se fai efectiva unha declaración institucional do concello para conmemorar o día de Rosalía.

Cal é o programa de actividades para este 2018?

Dña. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Comercio, Cultura e Turismo da conta do acto que se celebrará o sábado.

D. Bernardo Fernández Piñeiro, logo de que a Sra. Portavoz do Grupo Municipal do BNG realice unha pregunta sobre o asunto, apunta a que non está iniciado do expediente para a designación do paseo marítimo co nome de "Paseo de Rosalía" como se ten acordado, que se fará de cara ao verán.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.- ACCIÓN 9.

Prometiase a recuperación de cobro de servizos para incrementar un 5% os ingresos que estes xeran para as arcas municipais.

Cales son estes cobros?

Que hai feito para esta recuperación cara ó 2018?

O Sr. Presidente indica que se decidiu non levar a cabo esta acción. Di que a recadación en executiva non compensa.

4.- PISTA DE AVDA/ RICARDO SÁNCHEZ.

Durante esta lexislatura sufrimos, por motivos diversos, a demora da alameda e cremos que feitos coma estes non se deberan repetir.

A pista deportiva dea Avda/ de Ricardo Sánchez está empezando a ser unha obra de múltiples paradas pois xa leva máis de dúas semanas estancada.

Nesta fin de semana incluso tiña o andamio ciscado polo chan.

Cando se retomarán as obras?

Cal é o prazo de execución?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se empezou a traballar o martes e que o máis seguro é que remate a vindeira semana, se ben o prazo sería de 3 meses e aínda non van. Xustifica a paralización nos traballos en que estivo a chover. **I**

5.- PÁXINA WEB.

Xa estamos próximos ao terceiro ano de lexislatura. Levamos dende o ano 2015 pedindo que este goberno se tome en serio o que significa a páxina oficial deste concello mais a realidade amósanos que TODO SEGUE IGUAL.

Hai uns meses afirmaron que xa estaban nelo!!!!

Como está o proceso desta nova páxina?

Segue a anterior empresa cobrando polo que hai obsoleto?

Dna. Yolanda Vázquez Busto indica que a páxina xa está instalada no servidor, se ben está oculta de momento á espera de concretar dous puntos para poñela a disposición do público, os equipos técnicos do concello, sobre o proceso de actualización de datos, e á espera de recibir parte das fotos de concelleiros/as da oposición.

6.- CLÁUSULAS SOCIAIS.

En anteriores plenos solicitamos a incorporación en todos os contratos públicos feitos por este concello a incorporación de cláusulas sociais.

Que cláusulas se contemplan nos pregos feitos?

E para os que se están a elaborar?

O Sr. Fernández Piñeiro fai referencia aos casos nos que non se pode cortar o subministro de auga a persoas en risco de exclusión e a tramitación nestes casos (relación enviada pola empresa e contrastada a situación co departamento de Servizos Sociais). Di que nos pregos que se están a elaborar estanse mirando os termos nos que se incluírán estas cláusulas.

Dna. Ana Veira fai referencia ao Plan de Igualdade de Xénero como unha destas cláusulas, en tanto que son cousas que xa están aprobadas mediante mocións.



7.- ORZAMENTOS 2018.

Para cando?

Dáse por contestada na quenda anterior, se ben piden acceso ao documento.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que tan pronto como teñan o documento facilitaráselles.

8.- ROTEIROS.

En múltiples ocasións pedimos a posta en funcionamento de roteiros peonís para promoción turística e de respecto ambiental.

Existe algo elaborado ?

Para cando?

A Sra. Vázquez Busto di que acolléndose á última subvención da Axencia de Turismo de Galicia se ten solicitado o material necesario para a sinalización das rutas ao Castelo de Andrade e Capela de S. Miguel de Breamo.

9.- CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO.

Durante este ano 2018 haberá xubilacións por parte de traballadores/as deste concello.

Cales son?

Que está previsto para cubrir estes postos?

Dáse por contestada na quenda anterior.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e catro minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.